

Calendario de presentación dos Traballos Fin de Grao (TFG)

Curso 2019/20 Segunda Edición de Actas (novembro-décembro 2020)

18 de novembro (mércores): data límite de entrega na Secretaría Virtual do “Informe de Conformidade” da titora ou titor.

20 de novembro (venres): data límite do trámite virtual polo que o/a estudante solicita a defensa oral do TFG. Deberá imprimir as dúas copias que xera o sistema e entregalas en Decanato no trámite seguinte.

23 de novembro (luns): data límite para que o alumnado entregue o TFG no Negociado de Asuntos Xerais da FFT (Decanato). Realizarase a entrega en soporte electrónico (sdfft@uvigo.es) de:

- 1 copia electrónica da versión final do TFG en versión PDF no enderezo sdfft@uvigo.es. No asunto da mensaxe debe figurar TFG, a sigla do grao correspondente (GLE/GTI/GCLEL) e mais os apelidos do/a estudante. Exemplo: TFG GTI Pérez Pérez.
- 1 copia da solicitude virtual de defensa oral xeradas na Secretaría Virtual

23 de novembro (luns): data límite para entregar o informe da/o titor/a de cada TFG (co seu visto e prace) no Negociado de Asuntos Xerais (sdfft@uvigo.es), en caso de tribunais colexiados. No informe, segundo o modelo da FFT, constará a nota proposta pola/o titor/a, que representa o 30% do total da cualificación.

24 de novembro (martes): data límite para que o Negociado de Asuntos Xerais entregue a documentación (copias dos TFG e informes das/os titoras/es) aos/ás secretarios/as dos tribunais colexiados. No caso de tribunal unipersoal, entregáraselle a copia do TFG ao titor/a.

25 de novembro (mércores): Data límite para que os/as secretarios dos tribunais colexiados ou o titor dos tribunais unipersoais comuniquen as datas e horas previstas para a defensa pública de cada TFG no Negociado de Asuntos Xerais (sdfft@uvigo.es). Estas datas publicaranse no taboleiro do Decanato e no espazo FAITIC da materia para cada titulación.

26 de novembro (xoves): o Negociado de Asuntos Xerais comunica as datas e horas previstas para a defensa de cada TFG.

1-5 de decembro (luns-venres): datas previstas para as defensas públicas dos TFG fixadas polos tribunais colexiados e unipersoais.

8 de decembro (martes): data límite para entregar no Negociado de Asuntos Xerais (sdfft@uvigo.es) as actas das actuacións dos tribunais coas correspondentes propostas de cualificación. No caso de tribunal colexiado estas deberán estar desagregadas (30% titor/a e 70% tribunal).

11 de decembro (venres): remate do prazo para entregar na Secretaría Virtual e na Área de Grao (secretaría) as actas das actuacións dos tribunais colexiados e unipersoais coas correspondentes propostas de cualificación.